

Son de poesía

Homenaxe a catro poetas



RAMÓN NICOLÁS

No seo das actividades da denominada “incomunidade”, que na actualidade soporta un blog de indubidable frescura e interese (incomunidade.blogspot.com), rede nada en Lisboa hai xa ben de anos e que proxecta unha acción cultural de carácter internacional en moi distintas fronteiras e en múltiples iniciativas, sendo a estritamente literaria e editorial só unha delas, xorden os chamados fillo-cafés que constitúen unha excelente oportunidade para a exposición e intercambio de performances e, en xeral, de experiencias desemeillantes de corte cultural e literario. Non hai moitas datas celebrouse un destes fillo-cafés na cidade de Vigo desde o que nace arestora, como consecuencia dalgunhas intervencións que alí se produciron, este *Son de poesía*: un libro plural e integrador, coordinado acadamente por Xoán Carlos Domínguez Alberte, quen tamén

se responsabiliza do limiar do volume.

Así pois, a xeito de homenaxe a catro poetas galegos desaparecidos hai pouco –Antón

Tovar, Manuel María, Xela Arias e Luísa Villalta– Son de poesía compila voces de aquí e alén do Miño, que amosan de seu a pluralidade e heteroxeneidade de estéticas polas que transitan os poetas galegos e portugueses actuais.

Organizado internamente en catro bloques con epígrafes que se corresponden con títulos significativos dos poetas falecidos, atopamos que en “Arredores” se xuntan poetas que erguen a voz en homenaxe a Antón Tovar como son E. Espinosa, Xulio L. Valcárcel, Miro Villar ou A. Augusto Miranda, entre outros. Na sección “Terra chá”, de evidente vinculación con Manuel María, achamos propostas de Ana Romaní, Manuel

Álvarez Torneiro ou Xavier R. Baixeiras; mentres que o epígrafe “Denuncia do equilibrio” propón versos que homenaxeaban a Xela Arias vindos da man de Luz Pozo, Gonzalo Navaza, Fran Alonso, Anxo Angueira ou José Carlos Soares. Finalmente, “En concreto”, as voces de Pilar Pallarés, Vidal Villaverde, Bernardino Graña ou Fernando Martinho Guimarães lembran a escrita da poeta e profesora coruñesa Luísa Villalta.

Baldo Ramos, Alexandre Bernardo, Pedro Gonzalves e Anxo Pastor dotaron ao volume, como ilustradores, da necesaria dimensión integradora que demandaba e acompañan a estes cantos de ausencia ou despedida, de vivencias compartidas ou imaxinadas, xerados con independencia dos poetas homenaxeados nalgúns ocasións, mais sempre cohesionados polo valor que ten a palabra ategada de suxestión, intelixencia e sentimento.

DOMÍNGUEZ
ALBERTE, X.C., (coord.),
Son de poesía, Ed.
Fluviais-Libraría Couceiro,
Lisboa-Compostela, 2005,
76 páxinas

